


A collage of various art supplies including a paint palette, a green pencil sharpener, a yellow ruler, a pair of red scissors, a paint palette with red, yellow, and green squares, a paintbrush, a green marker, a yellow paint roller, a blue pencil, a red pencil, a black stapler, and a red and yellow circular object.

PDI 2025 - 2026

ARTISTADAS



INTRODUCCIÓN

O Vales inicia o curso 2025-2026 cun novo Proxecto Documental Integrado (PDI) baixo o título **ARTISTADAS**.

A arte converterase no eixo vertebrador do proxecto, permitindo investigar, crear e compartir coñecementos arredor da pintura, a arquitectura, a escultura, o cine, as artistas, a música, a danza e o patrimonio cultural universal e especialmetne o galego.



OBXECTIVOS

1

Desenvolver a **creatividade**, a **capacidade de crítica** e a **sensibilidade artística** en todo o alumnado.

2

Mellorar a **expresión oral, escrita, plástica** e **audiovisual**, favorecendo diferentes linguaxes da comunicación.

3

Potenciar a **investigación** guiada e autónoma, estimulando a **curiosidade** e **iniciativa persoal**.

4

Fomentar o **traballo cooperativo** e a **responsabilidade compartida** a través de proxectos colectivos.

5

Valorar e coñecer o **patrimonio** artístico galego e universal, recoñecendo a súa importancia cultural.

6

Impulsar a **inclusión** e a **igualdade** de oportunidades, ofrecendo múltiples vías de participación para todo o alumnado.

7

Favorecer o uso das **TIC** e das ferramentas dixitais como medio de creación, investigación e difusión artística.

8

Promover un sentimento de **pertenza** ao centro e a **identidade colectiva**, facendo que o alumnado se recoñeza como parte dun proxecto común.

TEMÁTICAS

4º E.I.

PINTURA

5º E.I.

PINTORES

6º E.I.

**ARTE EN
GALICIA**

1º E.P.

**ARTE EN
BETANZOS**

2º E.P.

**ARTE EN
BETANZOS**

**LEONARDO
DA VINCI**

3º E.P.

**ARTE EN
GALICIA**

4º E.P.

**UNHA VIAXE
CON ISAAC
DÍAZ PARDO**

5º E.P.


CINE

6º E.P.

**A VIDA DOS
ARTISTAS**



1 CALENDARTE



Durante o primeiro trimestre elaboraremos un calendario en A3 en posición vertical do ano 2026. En cada A3 aparecerá o nome do mes, unha imaxe/debuxo/composición que teña que ver con algo que imos investigar ao longo do curso, e os números do mes con datas importantes.

Cada nivel fará un calendario no que reflectirá 12 elementos artísticos relacionados coa súa temática. Infantil, se o prefire, pode facer un por ciclo.

O equipo de biblioteca achegará un modelo da estrutura do calendario e posibles ideas de elementos que poden aparecer no calendario.

Cada nivel decidirá as temáticas e cantas páxinas elabora cada aula.



1 CALENDARTE



Cada aula recibirá unha carta de Leo e Mariña para presentar a actividade.

Cada aula deberá ter rematada a súa parte o **28 de novembro** para que o equipo de biblioteca poida proceder a escanear os traballos producidos.

Unha vez escaneados, colgarase cada páxina do calendario nos corredores de cada nivel para que todos poidan ver o produto final.

Publicaranse no blog os calendarios de todos os niveis por se a comunidade educativa ten interese en descargalos a nivel persoal.

Imprimirase una copia do calendario do nivel para cada aula que se entregará en xaneiro.



2 CREARTE



Durante o segundo trimestre crearemos un produto audiovisual por nivel relacionado coa nosa temática. Se nos animamos podemos facer un por aula.

O formato da produción será libre para cada nivel: podcast, croma, curtametraxes, documentais, teatro, youtubers....

Deberá elaborarse un guión/escaleta previo que deberá ser entregado co produto final ao equipo de biblioteca antes do **27 de marzo**.

As producións audiovisuais serán subidas ao blogue para dalas a coñecer entre toda a comunidade educativa o día **1 de abril: Día das Artes Galegas**.




3 EXPOARTE



O nivel será o encargado de deseñar que elementos serán obxecto de investigación para o alumnado e as diferentes producións que farán ao longo do curso nas diferentes materias.

Esas producións, xunto con CALENDARTE e CREAMARTE expoñeranse ao final de curso nunha Exposición de Arte que servirá de peche para noso o PDI e para dar a coñecer o traballado durante todo o ano á comunidade educativa.



**“ARTISTADAS é un proxecto común
que nos une como centro, dá
protagonismo ao alumnado e
converte a creatividade en motor de
aprendizaxe”.**



MOITAS
GRAZAS